WOMEN'S TERRAIN
COMPOSTELA,
TERRITORIO DAS MULLERES

CONCELLO DE SANTIAGO
CONCELLARÍA DE IGUALDADE

Decálogo de compromisos para os establecementos, hoteis, pensións, cafés, bares, restaurantes e locais

D. Rita Sobrado, en calidade de xerente do **Hotel Real**

Comprométese a:

[01] Promover que o establecemento sexa un espazo accesible, integrador, seguro e agradable para as mulleres.

[02] Facer un uso inclusivo da linguaxe, non discriminatorio cara as mulleres nos diferentes soportes: cartas, menús, publicidade, redes sociais, páxina web, documentos de xestión etc.

[03] Respectar os dereitos laborais das mulleres que traballan no establecemento e promover a igualdade de oportunidades cos seus compañeiros no desenvolvemento profesional a través da promoción e o recoñecemento laboral, da equiparación de salarios, da facilidade de medidas de conciliación etc.

[04] Rexeitar rotundamente a violencia de xénero a través da posta en marcha de medidas para a súa prevención e denuncia así como facer do establecemento un espazo de protección e seguridade ante as agresións machistas.

[05] Respectar e defender a diversidade sexual das persoas usuarias do establecemento.

[06] Desenvolver ao longo do ano, como mínimo, tres accións de visibilización, recoñecemento e posta en valor das achegas das mulleres en diferentes ámbitos: cultural, gastronómico, social, político, económico, científico etc.

[07] Facer difusión, no establecemento, redes sociais, webs e outros soportes, dos materiais de promoción do proxecto Compostela, territorio das mulleres.

[08] Poñer a disposición das persoas usuarias un Libro de Visitas para a recollida de información sobre as súas experiencias no establecemento relacionadas con Compostela, territorio das mulleres.

[09] Atender as recomendacións de boas prácticas realizadas por Compostela, territorio das mulleres.

[10] Atender os requirimentos de Compostela, territorio das mulleres relacionados co incumprimento deste decálogo.

En Santiago de Compostela, a 29 de abril de 2016